

Antón Riveiro Coello, escritor galego afincado en Rianxo

Antón Riveiro Coello é un dos escritores galegos de máis proxección dos últimos anos. O seu exitoso libro «A quinta de Saler» foi finalista na décima edición do premio Torrente Ballester. Malia que é moi crítico cos fastos e recoñecementos oficiais, as cifras non se poden obviar, na súa andaina como autor recibiu setenta galardóns literarios. Riveiro Coello é de Xinzo de Limia, pero neste momento reside na parroquia de Asados coa súa familia. Empezou a escribir gracias á súa muller, que viu nas cartas que lle enviaba a promesa dun artista.

«Quero atopar o significado da terra e a fala de Barbanza»

Riveiro Coello está a piques de se asentar na comarca dun xeito definitivo. Chegou hai uns meses coa súa familia, despois dun certo período de nomadismo. Pola súa maneira de falar destas terras, diríase que o Barbanza é o lugar perfecto para o esquecemento das orixes. De feito, a mellor proba de que este escritor vai quedar por aquí algún tempo é que aceptou unha proposta da editorial A Nosa Terra para escribir un libro de viaxes sobre este rincón de Galicia.

—Nesta rexión nosa non existen moitas obras deste xénero, ¿verdade?

—É un tema pouco cultivado. Hai que ter en conta que non se

viaxaba moito, e o que se facía era por obrigación. A Nosa Terra está rompendo con iso. Lois Diéguez fixo a primeira obra da serie, sobre as terras de Lemos. Eu vouna facer da bisbarra do Barbanza.

—¿Xa comenzou?

—Non, non, aínda teño que ler o de Diéguez para ver o enfoque. Ademais, non sei a ónde poderei chegar. Teño pensado partir de Asados e realizar un itinerario ata Corrubedo ou Porto do Son.

—¿E logo Noia?

—Xa o trata outra persoa.

—Haberá que falar cos historiadores locais...

—Por suposto. Pero tamén cos outros, cos que non escribi-

ron nada na súa vida. Interésame moito facer algo distinto, non oficial, falar cos máis vellos e escoitar con moita atención todo o que me podan dicir. Quero atopalo significado da vosa terra e da fala.


Antón Riveiro editará en breve un libro de relatos titulado *Animalia*, co que gañou o premio Café Dublín, e o poemario *Anatomía da dor*.

—¿Hai moito que se adica á literatura?

—Non levo moito. Dez anos. Comecei ós vinte e catro. Tíñao agochado. Primeiro probei coa música, logo de lle prometer á miña avoa que ía ser famoso. Pero non lle dixen cómo.

—E o salto á escritura...

—Gracias á miña muller. Díxome que as cartas



SIMÓN BALVIS

Antón Riveiro Coello vai publicar un libro de viaxes sobre a bisbarra

Unha muller moi esixente

que lle mandaba eran moi boas, así que me animou a facer algo máis longo. Xa lle teño dito que as queime, non vaia ser que mas publiquen.

—Sen as mulleres habería pouca arte.

—Escribo para seducila. Cando tocaba a guitarra nun grupo de rock, facíao para que as rapazas se fixaran en min. Pero a miña muller durmíase coa guitarra. Por iso fago libros, para que ela me diga que están moi ben. Pero é unha crítica moi esixente. Non consigo sorprendela moito.